

XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá

21 marzo
2010



FRIOL (Lugo)





Antonio Muíña, na presentación da Feira de 2009

SAÚDA DO ALCALDE

Este ano, a **Feira do Queixo e Pan de Ousá** chega a maioría de idade. Neste 2010 celebramos a 18ª edición da Feira, podendo dicir que os tempos da súa mocidade remataron xa. Naceu aló polo ano 1993 e como calquera neno ou nena, foi medrando con saúde ano tras ano ata chegar agora a esa idade na que as persoas acadan o seu máximo esplendor.

Así, a **Feira do Queixo e Pan de Ousá** chega tamén a esa idade convertida nunha Feira xa arraigada e consolidada na totalidade das terras galegas e mesmo fóra da nosa comunidade.

Durante todos estes anos, a Feira foi o evento máis importante que se veu celebrando en Friol,

onde milleiros de persoas, edición tras edición, encheron cada recuncho do pobo de Friol e onde as nosas queixeiros e os nosos panadeiros comercializaron, tamén en todas as edicións, a totalidade dos seus produtos. Uns produtos naturais, elaborados co agarimo e a experiencia dunhas mans artesanais que fixeron dos nosos produtos estrela, o **Queixo e o Pan de Ousá**, uns pilares básicos na economía e na difusión do noso Concello no resto de Galicia e ata de Asturias e León.

Esperamos que esta edición, un ano máis, acade o mesmo éxito que todas as anteriores e a nosa Feira siga sendo un referente dentro de todos cantos eventos de exaltación gastronómica se celebran na Comunidade Galega.

O Alcalde, en nome da Corporación Municipal desexa a todos os veciños de Friol e a todos os visitantes un feliz día de Feira e unha agradable estancia entre nós.

Antonio Muiña Pena
(Alcalde de Friol)

FRIOL

XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá

Programa de Actos

Ás 10,00 horas: - Lanzamento de foguetes de artificio anunciando o comezo da feira.

Ás 10,30 horas: - Asignación de Stands.

Ás 11,30 horas: - Apertura de feira

Pasarrúas a cargo da:

CHARANGOS de NEDA,

CHARANGA de VILALBA e

"BANDA das ANGUSTIAS de FERROL"

que continuarán ata as 14,30 horas.

Ás 20,00 horas: - Comezo da Festa coa actuación da Orquestra **"GRAN PARADA"**.

Ás 12 da noite: - Remate dos actos desta **"XVIII FEIRA DO QUEIXO E PAN DE OUSÁ"**.